

INICIATIVA ■ Nova Escola Galega organiza en Melide un curso ó que asisten un cento de docentes

O colexio recupera os xogos tradicionais

As instalacións do Colexio de Educación Infantil e Primaria Mestre Pastor Barral acollerán durante esta fin de semana, desde a tarde do venres 2, ata a noitiña do sábado, 3 de outubro, o I Curso de formación sobre o patrimonio lúdico: os xogos

tradicionais, perspectiva educativa, dirixido a profesionais da educación de todo o país e coa a asistencia dun centenar de persoas. O curso está organizado polo movemento de renovación pedagóxica Nova Escola Galega e pola Asociación ga-

lega do xogo popular e tradicional (AGXPT). Con esta iniciativa preténdese cubrir un oco existente nos programas oficiais de formación do profesorado, que só nalgúnha época concreta ofreceron algunas actividades de formación sobre o xogo tradicional.

Galicia atópase nos primeiros lugares en canto ao número e á vixencia das súas prácticas lúdicas tradicionais, a carón do País Vasco, de Navarra e da propia Portugal. Este curso tentará achegar propostas para traballar na aula os contidos curriculares a través do xogo tradicional. ● **REDACCIÓN**